

SERVIZO DE  
XUVENTUDE

CONCELLERÍA  
DE  
TURISMO E XUVENTUDE

CONCELLO DE  
VIGO



**EXPTE 9516-336**

## **CONTRATO DE SERVICIOS PARA ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES DE VERÁN NOS MESES DE AGOSTO E SETEMBRO**

### **INFORME-PROPOSTA**

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria do 9 de xuño de 2022 acorda declarar deserto o procedemento aberto dos servizos de programación e execución das actividades de verán 2022 (expediente 9486-336) por non terse presentado ningunha proposición.

Ante esta situación e nesa mesma data a Xunta de Goberno Local aproba iniciar con urxencia unha nova licitación á maior brevidade posible, que de cobertura ás prazas de campamentos e actividades de verán para os meses de xuño e xullo, razón pola que iníciase un novo procedemento para a execución de 622 prazas de actividades de educación non formal, de carácter cultural, deportivas, de tempo libre, ambientais, e outras que poidan estar vinculadas á temática de actividades vacacionais nos meses de xuño e xullo do presente ano.

Unha vez cuberta a necesidade máis inmediata das actividades de campamentos urbanos dos meses de xuño e xullo (expediente 9486-336), queda pendente a correspondente aos meses de agosto e setembro para un total de 465 prazas dirixidas a nenos e nenas de 4 a 12 anos

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) en vigor, no seu artigo 28 establece a emisión do informe de necesidade e idoneidade; este informe está atribuído ao órgano de Contratación (Xunta de Goberno Local) e realízase en virtude da delegación de competencias nos concelleiros-delegados das áreas municipais por Decreto de data 20 de xuño de 2019.

O presente contrato que ten por obxecto a xestión de 465 prazas para os meses de agosto e setembro, a maiores das xa contratadas (expedientes

8752-336 e 8814-336 e 9498-336) de campamentos de verán, dirixidos a nenos/as de 4 a 12 anos de idade cuxa finalidade é a conciliación da vida laboral e familiar, a realización actividades de prevención ambiental e comunitaria, o fomento de la participación infantil-xuvenil, a oferta de alternativas de ocio e tempo libre, a promoción de valores, actitudes e comportamentos que favorezan o seu desenvolvemento integral a través da realización de diferentes obradoiros e actividades nos meses de vacacións de verán .

A xustificación da necesidade de contratar estas prazas para os meses de agosto e setembro , ven dada polo acordo da Xunta de Goberno Local que aproba o programa de actividades Verán Xove ( expediente 9488-336), pola declaración de deserto o procedemento ( expediente 9486-336) ,e pola necesidade de adaptar á convocatoria á demanda de actividades para os meses de agosto e setembro, pendentes de licitar e incluídas no programa Verán Xove e no procedemento declarado deserto.

A estrutura da Concellería de Xuventude non inclúe persoal específico no seu cadro de persoal para atender estes servizos , polo que deben desenvolverse por empresas especializadas (conforme aos pregos de prescricións técnicas e administrativas particulares elaborados pola administración municipal).

Para este fin compre recorrer á contratación de empresas que poidan prestar estes servizos de forma adecuada, **por procedemento aberto** , tendo en conta que as prestacións están determinadas polos límites dos recursos económicos asignados nos presupostos anuais do Concello e polas normativas legais que lle son de aplicación.

O presente contrato non está previsto no Plan anual de Contratación de 2022 , posto que a contratación de campamentos de verán correspóndese cos ( expedientes 8752-336 e 8814-336), sendo este ano a terceira prórroga de ditos contratos. Ante a demanda de solicitudes de prazas por parte das familias destinatarias que o pasado ano superou á oferta realizada, é a razón pola cal propomos a contratación da organización e prestación de servizos de actividades para un total de 465 prazas, o cal non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado no orzamento dos programas indicados para 2022,podendo complementarse o seu importe de licitación nese exercicio, a nivel de bolsa de vinculación, co dispoñible noutras aplicacións que reducirían a execución do seu crédito, polo que non afectaría á sustentabilidade financeira do Concello.

Para determinar o prezo de licitación do contrato, o Servizo de Xuventude recorrerá ás táboas salariais do Convenio de Ocio Educativo de carácter

estatal e procederá á elaboración da memoria económica da presente licitación.

O importe para a presente licitación poderá tramitarse con cargo ás aplicacións orzamentarias do orzamento municipal:

3370.227.9912 "Campamentos de Verán" LOTES 1,2,3,4 e 5 por importe de 55.533,76 € dos cales:

- 1) 7.434,51 € serán con cargo a REM 2021 227.99.12.
- 2) 4.800,00 € con cargo REM 2021 226.09.01.
- 3) 43.299,25 € con cargo ao orzamento 2022.

O contrato abonarase con cargo ás aplicacións vixentes e remanentes arriba indicadas do presuposto municipal, nas que existe existe crédito suficiente. Para o resto dos exercicios, incluída a posible prórroga, quedará condicionado á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

Pola súas características, o prazo do contrato establécese en 33 días

En base ao exposto e, de conformidade co art. 116.1 e D.Ad. 2a.4 da LCSP e coas delegacións de competencias adoptadas por resolución da Alcaldía, por acordo da Xunta do Goberno Local do 18 e 20 de xuño de 2019, decreto de Alcaldía de acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de agosto de 2020, elévase á Concelleira delegada de Turismo e Xuventude a seguinte:

## **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

Incoar expediente administrativo para a contratación da organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro, consistente en actividades de educación non formal, de carácter cultural, deportivas, de tempo libre, ambientais, e outras que poidan estar vinculadas á temática de campamentos de verán .

Sinatura electrónica

Pilar Carneiro Miniño

Xefa do Servizo de Xuventude

## **DECRETO**

Vista a precedente proposta, RESOLVO de conformidade coa mesma.

Incoar expediente administrativo para a contratación da organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro, consistentes en de actividades de educación non formal, de carácter

cultural, deportivas, de tempo libre, ambientais, e outras que poidan estar vinculadas á temática de campamentos de verán ,para un período de 33 días.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Concelleira delegada de Turismo e Xuventude  
M<sup>a</sup> del Carmen Lago Barreiro

O Concelleiro delegado de Economía e Facenda  
Jaime Aneiros Pereira

Dou fe: A secretaria da Administración Municipal  
Susana Gallardo Fariña